

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**7286** *Lei 12/2014, do 9 de xullo, pola que se regula o procedemento para a determinación da representatividade das organizacións profesionais agrarias e se crea o Consello Agrario.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

#### PREÁMBULO

A Lei 10/2009, do 20 de outubro, de creación de órganos consultivos do Estado no ámbito agroalimentario e de determinación das bases de representación das organizacións profesionais agrarias, pretendía establecer un novo sistema para a determinación da representatividade das organizacións profesionais agrarias no ámbito nacional e medir a representatividade no ámbito das competencias da Administración xeral do Estado. A condición de funcionamento da dita lei era que as comunidades autónomas convocasen eleccións ás cámaras agrarias ou aos seus órganos representativos agrarios co fin de poder determinar que organizacións alcanzaban a porcentaxe mínima exixida para seren consideradas máis representativas no ámbito nacional. Porén, como a Lei 18/2005, do 30 de setembro, derogara a Lei 23/1986, do 24 de decembro, pola que se establecían as bases do réxime xurídico das cámaras agrarias, as comunidades autónomas dispoñían desde 2005 de varias posibilidades para determinaren a representatividade das organizacións profesionais agrarias no seu territorio e todas elas igualmente válidas. A existencia de varios criterios fai difícil determinar a representatividade estatal, xa que é imposible considerar simultaneamente resultados electorais e resultados doutros procedementos. Nin sequera reducindo a dita representatividade aos resultados obtidos en nove comunidades autónomas, tal como prevé a Lei 10/2009, do 20 de outubro, é posible agregar datos homoxéneos.

Tradicionalmente a representatividade das organizacións profesionais agrarias determinouse de forma indirecta, mediante as eleccións ás cámaras agrarias que convocaban as comunidades autónomas ao abeiro da lexislación básica do Estado, constituída pola Lei 23/1986, do 24 de decembro, de cámaras agrarias. De acordo con esta lei, considerábanse máis representativas as organizacións profesionais que obtían o 10 por cento dos votos a nivel nacional e o 20 por cento a nivel de comunidades autónomas. A supresión da lexislación básica de cámaras agrarias en 2005 está na orixe dos actuais problemas para medir a representatividade.

A Lei 10/2009, do 20 de outubro, que agora se derroga, dispoñía dous procedementos para recoñecer a representatividade: obter o 15 por cento dos votos emitidos en nove procesos electorais ou o recoñecemento por outros medios en dez comunidades autónomas. Se o primeiro non se puido aplicar, ao non se realizaren simultaneamente procesos electorais en, ao menos, nove das comunidades autónomas que optaron por este procedemento, o segundo non ten en conta o peso real do número de agricultores no total nacional.

Esta situación coincidiu con cambios relevantes no sector agrario que fan máis necesaria que nunca unha interlocución eficaz coas organizacións profesionais agrarias (OPA), polo que resulta imprescindible clarificar canto antes a cuestión da súa

representatividade, co fin de garantir o dereito de participación dos agricultores nos asuntos públicos e mellorar a gobernanza das políticas agroalimentarias.

Os novos criterios de representación dos agricultores ante a Administración xeral do Estado deben partir dun cambio de modelo. Para isto, nesta lei dispónse realizar unha consulta directa e simultánea en todo o territorio nacional, que será convocada de forma periódica. Este sistema permitirá superar os problemas detectados e, ademais, a consulta directa e simultánea ofrece aos electores unha percepción clara do obxectivo perseguido e permite coñecer ao mesmo tempo o resultado total. Todo isto traducirase nunha maior lexitimidade das organizacións agrarias.

Os agricultores, categoría que, para efectos desta lei, comprende as persoas que desenvolven actividades agrícolas, gandeiras e silvícolas, poderán elixir unha das organizacións candidatas, que cubrirán os dez postos do Consello Agrario de forma proporcional aos votos obtidos. O sistema proporcional en circunscrición única garante a maior correlación entre os votos e os postos obtidos no Consello mediante a aplicación da lei d'Hondt. Así mesmo, procúrase que teña dereito de voto o maior número das persoas que se dedican á agricultura e establécense uns mínimos que aseguren que se trata de persoas que exercen a actividade de forma habitual e economicamente relevante.

Prevense tres formas de acceder ao censo para as persoas físicas: por afiliación á Seguridade Social por actividades empresariais agrarias, pola obtención de axudas agrícolas da Unión Europea superiores a unha cantidade establecida e pola declaración de rendas agrarias iguais ou superiores ao 25 por cento da renda total.

En canto ás persoas xurídicas, o censo incluírá as sociedades civís e mercantís cuxo obxecto social único e exclusivo sexa a actividade agraria e que acrediten unha facturación mínima de 10.000 € en, ao menos, un dos dous exercicios previos ao da convocatoria para a realización da consulta.

Respecto das organizacións profesionais agrarias que poden ser candidatas na consulta, mantense a mesma exixencia da lexislación de cámaras agrarias de que sexan aquelas recoñecidas segundo o previsto no artigo 3 da Lei 19/1977, do 1 de abril, sobre regulación do dereito de asociación sindical, e que entre os seus fins inclúan a defensa dos intereses xerais da agricultura, o que as diferencia doutras organizacións agrarias creadas para defender os intereses sectoriais dos seus asociados.

O motivo da consulta non é elixir unha lista de persoas para ocupar os postos dun órgano executivo, senón determinar a representatividade das organizacións agrarias, o que simplifica o procedemento e é máis coherente coa natureza do órgano que se trata de constituír. Non se trata, por tanto, dun proceso electoral nin é directamente aplicable a normativa electoral, aínda que se adoptaron para a consulta garantías similares ás obrigatorias nas eleccións xerais. Como na consulta non se elixen persoas senón organizacións, as que obtivesen algún posto no Consello Agrario deben propor unha relación de persoas para o seu nomeamento. Estas persoas non teñen un mandato directo dos electores, senón das organizacións ás cales os electores outorgaron a súa confianza. Na relación de persoas existirá un equilibrio entre homes e mulleres.

O Consello Agrario configúrase como un órgano capaz de chegar a acordos con autonomía e realizar propostas cun apoio real no sector. O novo Consello Agrario debe superar o modelo de órgano informativo para ser un órgano que informa e formula propostas sobre as políticas agrarias.

Este novo marco de interlocución determina un novo *status* en que a opinión defendida por cada organización pasa a ponderarse en función da súa representatividade real, medida como resultado dunha consulta en toda España. Esta circunstancia dá carta de natureza a unhas entidades representantes que deveñen en interlocutoras permanentes da Administración xeral do Estado e que, en consecuencia, deberá ter reflexo na normativa sectorial, por ser o ámbito en que se deben reconducir as consultas previstas no artigo 105 da Constitución, e é exclusivamente aplicable á Administración xeral do Estado, con base no principio de autoorganización e compatible con outros sistemas de representación dos agricultores ante as comunidades autónomas.

## CAPÍTULO PRELIMINAR

### Obxecto

#### Artigo 1. *Obxecto.*

1. O obxecto desta lei é regular o procedemento de consulta para a determinación da representatividade das organizacións profesionais agrarias de carácter xeral e ámbito nacional.

2. Así mesmo, é tamén obxecto desta lei a creación do Consello Agrario como órgano consultivo adscrito ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

3. Para os efectos desta lei enténdese por:

a) Organizacións agrarias: as organizacións profesionais agrarias de carácter xeral e ámbito nacional constituídas e recoñecidas ao abeiro da Lei 19/1977, do 1 de abril, sobre regulación do dereito de asociación sindical, que teñan entre os seus fins estatutarios a defensa dos intereses xerais da agricultura, entendendo por tal as actividades agrícolas, gandeiras e silvícolas, así como a defensa e promoción dos intereses profesionais, económicos e sociais dos agricultores, gandeiros e silvicultores. Igualmente, considéranse organizacións agrarias as coalicións destas mesmas e a integración de organizacións noutra de ámbito nacional, aínda conservando cada unha delas a súa denominación orixinaria.

b) Coalición de organizacións agrarias: unión de organizacións de carácter xeral e ámbito nacional para concorrer á consulta formando unha soa candidatura.

4. Para os únicos efectos desta lei, acreditarase o ámbito nacional mediante os estatutos de constitución rexistrados segundo o previsto na Lei 19/1977, do 1 de abril, dos cales se deducirá sen dificultade o desenvolvemento da actividade en todo o territorio nacional e a posibilidade de afiliación de calquera membro con independencia da súa residencia.

## CAPÍTULO I

### A representatividade das organizacións agrarias

#### Artigo 2. *Determinación da representatividade.*

1. A representatividade das organizacións agrarias determinarase mediante consulta entre aqueles que teñan a condición de electores de acordo co disposto nesta lei.

2. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente convocará cada cinco anos unha nova consulta para determinar a representatividade das organizacións agrarias de acordo co previsto nesta lei.

#### Artigo 3. *Consulta.*

A consulta para determinar a representatividade das organizacións agrarias rexerese polos seguintes criterios:

a) Efectuarase en todo o territorio do Estado simultaneamente.

b) Contabilizaranse os votos obtidos por cada organización profesional agraria en todo o Estado.

#### Artigo 4. *Electores.*

1. Terán dereito a participar na consulta as persoas físicas ou xurídicas que, dedicándose á agricultura, á gandaría ou á silvicultura como actividade económica habitual, estean inscritas no censo a que se refire o artigo 6.

2. Os electores poderán exercer o seu dereito a participar no proceso mediante o procedemento que consideren máis conveniente de entre os dispostos para este fin: de modo presencial, na mesa correspondente á súa demarcación territorial, ou por correo postal. Ningún elector pode participar máis dunha vez nunha mesma consulta.

3. Os electores que opten por exercer o voto por correo deberano solicitar á xunta provincial correspondente ao lugar de empadramento do agricultor ou ao domicilio social da persoa xurídica, por escrito, ao menos vinte e dous días antes da realización da consulta. Para isto, o elector formalizará persoalmente a solicitude na oficina de Correos acreditando a súa identidade ante o empregado da oficina. A xunta, logo de revisión da documentación presentada, remitirá ao petionario por correo certificado e urxente a documentación oportuna antes de dez días da consulta. A dita documentación, debidamente cuberta, remitirase por correo certificado e urxente á xunta provincial respectiva coa antelación suficiente para que se reciba o día anterior ao da consulta.

4. A participación da Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, S.A. na consulta, na súa calidade de operador designado para a prestación do servizo postal universal, regularase a través do correspondente convenio de colaboración subscrito entre o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e o citado operador, no cal se establecerán as obrigas de servizo público que se impoñan a este para salvagardar o normal desenvolvemento do proceso de consulta e a correspondente compensación.

5. Establecerase regulamentariamente o resto de elementos relativos ao voto por correo, incluíndo a forma de acreditación persoal dos participantes na consulta.

#### Artigo 5. *Organizacións agrarias máis representativas.*

Son organizacións agrarias máis representativas as que obteñan, ao menos, un quince por cento dos votos válidos emitidos na consulta en todo o Estado e, ademais, en seis comunidades autónomas, ao menos un cinco por cento dos votos válidos emitidos na consulta en cada unha delas.

#### Artigo 6. *Censo.*

1. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente elaborará o censo, para o cal atribuirá tal competencia a un dos centros directivos do departamento que se encargará disto, coa denominación de Dirección do Censo. O censo incluirá as persoas físicas ou xurídicas que acrediten actividade agraria e reúnan os demais requisitos dispostos no presente artigo.

2. Para a súa elaboración, a Dirección do Censo solicitará de oficio a colaboración da Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS) e do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA). Así mesmo, poderanse incluír no censo, por petición de parte, as persoas físicas que obteñan da actividade agraria rendas nunha porcentaxe igual ou superior ao 25 por cento da súa renda total e as persoas xurídicas que cumpran os requisitos do número 5, mediante solicitude da súa inscrición no censo.

3. O censo, que será público, conterà os seguintes datos das persoas físicas:

- a) Nome e apelidos.
- b) Número de identificación fiscal (NIF).
- c) Data de nacemento.
- d) Domicilio de empadramento.

No caso de persoas xurídicas, o censo conterà:

- a) A razón social.
- b) Número de identificación fiscal (NIF).
- c) O domicilio social.
- d) Os datos persoais do representante legal que exercerá o dereito ao voto da sociedade.

4. O censo incluirá de oficio as persoas físicas que, segundo os datos máis actualizados dos organismos citados no número 2, se encontren nalgún dos seguintes supostos:

- a) Estaren afiliadas á Seguridade Social e de alta como traballadores agrarios por conta propia no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, de acordo cos datos que figuren na Tesouraría Xeral da Seguridade Social, sempre que non obtivesen unha axuda por cesamento anticipado na actividade agraria.
- b) Percibiren pagamentos directos da política agrícola común superiores a 5.000 euros ao ano, de acordo cos datos que figuran no Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA).

Ademais, incluíranse neste censo, pola súa instancia, aqueles agricultores que declaren unha renda procedente de actividades agrarias nunha porcentaxe igual ou superior ao 25 por cento da súa renda total, de acordo cos datos que eles mesmos subministren para a súa verificación ou cos que se obteñan da Axencia Estatal de Administración Tributaria coa súa autorización expresa. No caso de que a renda procedente da actividade agraria sexa por pagamentos directos exclusivamente, estes deberán ser superiores a 5.000 euros.

5. O censo incluirá as persoas xurídicas que reúnan os seguintes requisitos e soliciten a súa inclusión:

- a) Seren sociedades civís ou mercantís cuxo obxecto social único e exclusivo sexa a actividade agraria.
- b) Acreditaren unha facturación mínima de 10.000 € en, ao menos, un dos dous exercicios previos ao da convocatoria para a realización da consulta.

6. O censo provisional elaborado de oficio cerrárase un mes antes da data de publicación no BOE da orde de convocatoria da consulta e publicarase nos taboleiros das delegacións e subdelegacións do Goberno e dos concellos, co fin de que se poidan comprobar as inscricións e presentar as reclamacións oportunas no prazo dun mes desde a súa publicación. Ademais, o censo será publicado na páxina web do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coas debidas garantías co fin de cumprir o disposto no artigo 10.2.

7. As persoas a que se refiren o parágrafo segundo do número 4 e o número 5 que desexen ser inscritas no censo deberano solicitar á Dirección do Censo no prazo máximo dun mes desde a publicación do censo provisional. No caso do número 4, parágrafo segundo, a solicitude incluirá a declaración de ingresos e unha autorización expresa para que a Dirección do Censo comprobe a súa veracidade nas bases de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou ben a autorización expresa para que aqueles se obteñan da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

8. O censo definitivo publicarase aos 10 días da data de inicio do proceso de consulta. As persoas que non consten inscritas no censo e se consideren con dereito a participar na consulta poderán reclamar ante a Dirección do Censo, no prazo de dez días desde a súa publicación. O prazo para resolver e notificar as reclamacións será de cinco días e contra a resolución poderase recorrer en tres días ante o superior xerárquico da Dirección do Censo, cuxa resolución, que se notificará en tres días, porá fin á vía administrativa.

#### Artigo 7. *Organizacións agrarias candidatas.*

1. As organizacións agrarias que se presenten á consulta deberán ter ámbito nacional e cumprir os requisitos do artigo 1.

Proporcionarán, coa candidatura, a inscrición no rexistro público competente, os estatutos da organización, os acordos de integración de coalición, se for o caso, con outras organizacións agrarias, o nome do responsable da candidatura e o enderezo para efectos de notificacións, que se poderán realizar mediante correo electrónico.

2. As organizacións agrarias que participen na consulta, a pesar de teren ámbito nacional, poderanse presentar mediante as siglas de organizacións de menor ámbito territorial, non inferior á provincia, que estean integradas nelas, sempre e cando apareza tamén o nome completo ou a sigla da correspondente organización profesional agraria de ámbito nacional en que se integra.

3. As organizacións agrarias que desexen concorrer a esta consulta deberán presentar as súas candidaturas no prazo máximo de dez días desde a data de inicio do proceso de consulta establecido na orde de convocatoria. No prazo de sete días a Comisión Central notificará as candidaturas admitidas e as inadmitidas. Os representantes das candidaturas poderán interpor recurso ante a Comisión Central no prazo de dez días desde que reciban a notificación, reclamación que será resolta e notificada no prazo de sete días.

4. A publicación das candidaturas admitidas verificarase no prazo de corenta días desde a data de inicio do proceso de consulta establecido na orde de convocatoria. A lista de organizacións agrarias candidatas publicarase no «Boletín Oficial del Estado» ordenadas por provincias co nome completo e as súas siglas. Contra esta publicación poderanse interpor os recursos ordinarios que procedan.

#### Artigo 8. *Organización da consulta.*

1. O titular do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente convocará, mediante orde ministerial, a consulta para a determinación da representatividade das organizacións profesionais agrarias, que se realizará aos cincuenta e sete días da data de inicio da consulta, de acordo co cronograma que se xunta no anexo.

2. Créase unha Comisión Central e, en cada delegación do Goberno ou subdelegación do Goberno, unha xunta provincial encargada da constitución e funcionamento das mesas e da transmisión dos resultados, formada polo persoal que designe a Comisión Central.

3. A Comisión Central velará polo correcto desenvolvemento da consulta, resolverá as reclamacións, interpretará as normas que regulan a consulta e ditará instrucións para o seu cumprimento polos órganos que participan no desenvolvemento do proceso de consulta.

Estará presidida polo titular da Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación e actuará de secretario o titular da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio. Formarán parte da Comisión os titulares da Dirección Xeral de Servizos e da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal, así como o avogado do Estado do departamento.

4. As xuntas provinciais son responsables da coordinación do proceso de consulta no seu territorio, de aplicar os criterios da Comisión Central e de velar polo correcto funcionamento das mesas.

Estará presidida polo delegado ou subdelegado do Goberno e actuará de secretario o secretario xeral da delegación ou subdelegación. Formarán parte de cada xunta tres funcionarios nomeados polo delegado do Goberno.

5. Constituirase, ao menos, unha mesa de consulta en cada capital de provincia e en cada illa que conte con directorio insular e tantas mesas locais como sexan necesarias en función do censo da demarcación territorial, cun límite máximo de 500 votantes por mesa. A Comisión Central publicará a relación de mesas e a súa localización aos dez días da data de inicio do proceso de consulta establecido na convocatoria.

As mesas estarán formadas por seis vogais menores de sesenta e cinco anos, tres titulares e tres suplentes, seleccionados aleatoriamente entre os que se encontren inscritos no censo da mesa. Entre os vogais designarase un presidente. O representante de cada candidatura poderá designar un interventor por cada mesa, con voz e sen voto, entre os inscritos no censo da mesa dez días antes da votación.

6. Cada mesa disporá dun censo de electores con dereito de voto ordenado alfabeticamente, en que constarán os electores que fixeron uso do voto por correo. En cada mesa existirá un número de papeletas ao menos igual ao seu censo. O modelo de

papeleta será único, adaptado ás candidaturas provinciais e será aprobado pola Comisión Central.

7. O día da consulta constituiranse as mesas ás 8.00 horas nos lugares dispostos para isto e levantarase a acta deste feito e das circunstancias que se produzan. As mesas permanecerán abertas desde as 8.00 horas até as 20.00 horas.

#### Artigo 9. *Escrutinio.*

O escrutinio nas mesas de consulta levarase a cabo unha vez finalizada a votación presencial dos membros da mesa e dos interventores, mediante o seguinte procedemento:

a) A xunta provincial entregará os votos recibidos por correo ao presidente da mesa, que procederá a introducir na urna os sobres que conteñan as papeletas de voto remitidas, verificando antes a existencia da certificación que debe acompañar a cada unha, que o elector está inscrito no censo e que non votou de forma presencial, caso en que se anulará o voto por correo, e anotaranse todas estas circunstancias na acta.

b) Abrirase cada urna e comezará o escrutinio público, extraeranse unha a unha as papeletas e lerase en voz alta o nome das candidaturas votadas. O presidente porá de manifesto cada papeleta aos vogais e interventores unha vez lida e preguntará se hai algunha observación ou reclamación, que se resolverán por maioría, se as houber.

c) Feito o recuento de votos, confrontarase o número total de papeletas co de votantes contados, anotaranse na acta os resultados, todas as incidencias e as reclamacións sobre o escrutinio, se as houber.

d) Finalizadas estas operacións, o presidente anunciará en voz alta o seu resultado, especificando o número de persoas censadas, o número de votantes, o de papeletas válidas, o de papeletas nulas, o de papeletas en branco e o de votos obtidos por cada candidatura.

As papeletas destruíranse en presenza dos asistentes, con excepción daquelas a que se tivese negado validez ou que fosen obxecto dalgunha reclamación, as cales se unirán á acta.

e) O presidente e todos os membros da mesa asinarán a acta da sesión que, xunto coa acta de constitución, se introducirá nun sobre coa documentación que proceda, que será asinado polo presidente e polos interventores. Esta documentación entregarase a continuación ao responsable da xunta provincial, que a trasladará á Comisión Central.

f) O escrutinio xeral será realizado o terceiro día seguinte ao da votación pola Comisión Central. Os representantes das candidaturas dispoñen dun prazo de tres días para presentaren as reclamacións, que só se poderán referir ao recollido nas actas de constitución e sesión das mesas. A Comisión Central resolverá sobre estas no prazo de dez días e proclamará os resultados.

#### Artigo 10. *Disposicións xerais sobre a consulta.*

1. As candidaturas presentadas serán publicadas na páxina web oficial do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. Igualmente, publicarase a localización das mesas e as localidades que agrupará cada mesa. As comunicacións e as consultas poderanse realizar por medios telemáticos.

2. Os datos persoais que figuren no censo só poderán ser utilizados polos órganos previstos nesta lei e para os fins da consulta. A publicidade limitarase aos lugares establecidos e na forma e polo tempo necesario para que os electores poidan comprobar e rectificar os seus datos. Facilitarase copia do censo, en soporte informático, ás organizacións agrarias admitidas como candidatas no proceso. A información estatística será pública.

3. Os prazos establecidos entenderanse sempre referidos a días naturais e en todo o non expresamente regulado en materia de procedemento será aplicable a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 11. *Cesión en uso de bens inmobles da extinta Confederación Nacional de Cámaras Agrarias.*

1. Os bens inmobles xestionados pola Comisión Xestora prevista no Real decreto 1520/1991, do 25 de outubro, polo que se extingue a Confederación Nacional de Cámaras Agrarias, serán cedidos en uso ás organizacións agrarias representativas en proporción á súa representatividade mediante orde do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, logo de informe da Avogacía do Estado, que determinará as condicións da cesión.

2. A cesión dos ditos bens inmobles estará suxeita a termo e condición. As organizacións cesionarias deberán destinar estes inmobles a fins e servizos de interese xeral agrario. As citadas organizacións terán o dereito de uso e serán responsables da súa xestión mentres dure o mandato, transcorrido o cal os reverterán no mesmo estado en que foron cedidos co obxecto de proceder a unha nova distribución nos termos do número anterior. Igualmente, procederá a revogación da cesión en caso de incumprimento do fin de interese agrario, caso en que se integrarán no patrimonio do Estado.

3. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente velará para que se dea o correcto uso aos bens inmobles, para o cal poderá requirir aos cesionarios a presentación da documentación que se considere oportuna. Salvo autorización expresa do Ministerio, os bens cedidos non poderán ser obxecto de cesión a terceiros.

4. Así mesmo, cederanse ás confederacións estatais de cooperativas do sector agroalimentario en proporción á súa representatividade os bens inmobles de titularidade da citada comisión xestora que teñan cedidos no momento de entrada en vigor da presente lei.

Artigo 12. *Subvencións.*

As axudas que o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente poida conceder, se for o caso, para as actividades de representación e colaboración das organizacións agrarias representativas ante a Administración xeral do Estado distribuiranse de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias e tendo en conta a representatividade alcanzada por cada organización en virtude do disposto nesta lei, así como do establecido na lexislación aplicable sobre subvencións.

## CAPÍTULO II

### O Consello Agrario

Artigo 13. *Creación e natureza do Consello Agrario.*

Créase o Consello Agrario como órgano colexiado de carácter consultivo adscrito ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa finalidade de asesorar a Administración xeral do Estado nas cuestións de interese xeral agrario e rural.

Artigo 14. *Funcións.*

1. As funcións do Consello Agrario serán as seguintes:

a) Emitir informe sobre os proxectos normativos do departamento en materia de agricultura e desenvolvemento rural que sexan sometidos á súa consideración e todos aqueles cando así o dispoñan as disposicións legais.

b) Coñecer e emitir informe sobre as medidas da política agrícola común e da política agraria que sexan sometidas á súa consideración.

c) Emitir informe sobre a evolución da situación social e económica do sector agrario e formular recomendacións para a adopción daquelas medidas que se consideren necesarias para a mellora da calidade de vida do sector agrario.



d) Efectuar as suxestións que se consideren convenientes para mellorar as políticas que poidan afectar as condicións socioeconómicas dos profesionais agrarios e a actividade agraria.

2. Os informes serán solicitados polos órganos superiores e directivos do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ou polos responsables dos organismos públicos vinculados ou dependentes, e dirixiranse á Secretaría do Consello Agrario. O prazo para emitir o informe será de quince días, que se poderá reducir a sete en caso de urxencia.

3. Os informes adoptados polo Consello por propia iniciativa remitiranse ao ministro.

#### Artigo 15. *Composición.*

1. O Consello Agrario compóñeno dez conselleiros nomeados polo titular do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, por proposta das organizacións agrarias máis representativas, de acordo cos resultados obtidos na consulta.

2. O presidente do Pleno do Consello Agrario será o titular do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que poderá ser substituído polo titular dun órgano directivo, con ao menos rango de subsecretario, do Ministerio designado por aquel.

3. Actuará como secretario un funcionario, con rango ao menos de subdirector xeral, designado polo titular do departamento, que actuará con voz pero sen voto.

4. Poderán asistir ao Consello Agrario expertos nos asuntos obxecto da orde do día, así como técnicos e funcionarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ou doutros ministerios por solicitude do presidente, que actuarán con voz pero sen voto.

5. O mandato dos conselleiros terá unha duración de cinco anos. As organizacións agrarias poderán propor ao ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a substitución dos conselleiros que as representen en calquera momento da vixencia do seu mandato.

6. O mandato dos conselleiros entenderase en funcións desde a realización da nova consulta até o nomeamento dos novos conselleiros, que se deberá facer nun prazo máximo de dous meses desde o día de realización da consulta.

#### Artigo 16. *Atribución de conselleiros.*

O número de conselleiros que corresponde a cada organización no Consello Agrario determinarase por medio do seguinte procedemento:

a) As candidaturas ordénanse polo número de votos obtidos de maior a menor nunha columna.

b) Divídese o número de votos obtido por cada candidatura por números enteiros consecutivos ordenados do un ao dez.

c) Atribúese o primeiro conselleiro á candidatura que obtivese o maior número de votos na táboa resultante e o segundo e sucesivos, á candidatura que obteña o seguinte cociente maior, atendendo a unha orde decrecente, até completar o número de conselleiros establecido. En caso de empate, asignarase ao que obteña o resultado igual situado na columna resultante de dividir entre o menor dos dous divisores o número de votos.

#### Artigo 17. *Requisitos dos conselleiros.*

1. As persoas propostas para ocupar os postos de conselleiros deben reunir os seguintes requisitos:

a) Estaren inscritas no censo como electores.

b) Estaren afiliadas á organización propoñente.

c) Non desempeñaren un cargo ou posto nas administracións públicas relacionado coa agricultura, gandería ou silvicultura, nin teren sido inhabilitadas para o exercicio das funcións públicas ou estaren separadas, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración pública.

d) Non teren sido sancionadas por infraccións administrativas firmes en vía administrativa relacionadas con axudas públicas, ambiente, agricultura, gandería ou silvicultura nos últimos catro anos, nin estaren condenadas por sentenza firme durante o período que dure a pena. Non teren sido sancionadas por infraccións moi graves na orde social en materia de seguridade social reguladas no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

2. No caso de que unha organización poida propor varias persoas para o Consello Agrario, a relación proposta deberá contar cun número equilibrado de homes e mulleres en que ningún sexo poderá representar menos do trinta e tres por cento.

#### Artigo 18. *Organización e funcionamento do Consello Agrario.*

1. O Consello Agrario poderá actuar en pleno ou a través de grupos de traballo, de acordo co que se estableza no seu regulamento de réxime interior. Establecerase un procedemento escrito para emitir os informes solicitados polo Ministerio.

2. O Pleno reunirase, logo de convocatoria do seu presidente, unha vez cada seis meses con carácter ordinario e con carácter extraordinario cando sexa necesario para o cumprimento das súas funcións. O regulamento de réxime interior determinará as condicións de convocatoria e constitución.

3. O Pleno quedará validamente constituído coa presenza de seis conselleiros e, en todo caso, do presidente e do secretario.

4. O regulamento de réxime interior determinará as condicións de suplencia nos termos da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

5. O Consello Agrario rexerese polo disposto nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, no capítulo IV do título II da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, no seu regulamento de réxime interior e, en defecto de regulación, polo capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

#### Artigo 19. *Escisión, fusión e extinción das organizacións e disolución de coalicións.*

a) En caso de escisión de parte dunha organización agraria, a organización escindida perderá a representatividade derivada da consulta e quedará excluída do Consello.

b) En caso de fusión de organizacións, a organización resultante deterá no Consello Agrario a suma dos conselleiros das organizacións fusionadas e sumará a representatividade das preexistentes.

c) En caso de extinción da organización, as restantes organizacións acrecerán de forma proporcional na representatividade que teñan asignada como resultado da consulta. A repartición de asentos no Consello Agrario efectuarase de novo de acordo co disposto no artigo 16.

d) En caso de disolución dunha coalición, as organizacións preexistentes conservarán o grao de representatividade obtido na consulta, imputando a cada unha delas a porcentaxe deste que pactaron nos seus acordos de asociación e, en ausencia destes, imputarase a representación a partes iguais entre as organizacións resultantes. Procederase a unha nova repartición de asentos no Consello Agrario conforme o disposto no artigo 16.

## CAPÍTULO III

### Infraccións e sancións

#### Artigo 20. *Disposicións xerais.*

1. A Comisión Central será competente para impor as sancións previstas no presente capítulo.

2. A xunta provincial do lugar de comisión da infracción será a competente para instruír o procedemento.

3. Son suxeitos responsables os membros dos órganos que crea esta norma e os presidentes, vogais e interventores das mesas, así como os seus suplentes, e as autoridades e funcionarios e calquera outra persoa que cometese algunha das condutas tipificadas no presente capítulo.

4. As infraccións reguladas nesta lei prescribirán transcorrido un ano desde o día en que se cometesen. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador. O prazo de prescrición volverá correr se o expediente sancionador estiver paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

5. Cando a infracción poida ser constitutiva de ilícito penal, a Administración instrutora porao en coñecemento do órgano xurisdiccional competente e suspenderase a tramitación do procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial non dite sentenza firme ou resolución que poña fin ao proceso.

#### Artigo 21. *Infraccións cometidas por autoridades e funcionarios, así como membros dos órganos e mesas, e as súas sancións.*

1. Serán castigados con multa de 1.000 a 6.000 euros os funcionarios ou autoridades que, dolosamente:

a) Incumplan as normas para a formación, conservación e exhibición ao público do censo.

b) Incumplan as normas de constitución das mesas e das votacións, acordos e escrutinios que estas deban realizar.

c) Non expidan as actas, certificacións, notificacións e demais documentos da consulta na forma e momentos previstos por esta lei.

2. Serán castigados con multa de 500 a 4.000 euros os funcionarios ou autoridades que, abusando do seu oficio ou cargo dolosamente:

a) Omitan ou anoten os nomes dos votantes de maneira que induza a erro sobre a súa autenticidade.

b) Cambien, oculten ou alteren, de calquera maneira, o sobre ou a papeleta da consulta que o elector entregue.

c) Consintan, podendo evitalo, que alguén participe dúas ou máis veces nunha mesma consulta ou o faga sen capacidade legal.

d) Impidan ou dificulten inustificadamente a entrada, saída ou permanencia dos electores, candidatos, apoderados, interventores e notarios nos lugares en que se realicen actos da consulta.

3. O presidente e os vogais das mesas, así como os seus respectivos suplentes, que deixaren de concorrer a desempeñar as súas funcións, as abandonaren sen causa lexítima ou incumpriren sen causa xustificada as obrigas de escusa ou aviso previo serán castigados con multa de 300 a 3.000 euros.

#### Artigo 22. *Infraccións cometidas por particulares e as súas sancións.*

1. Serán castigados con multa de 300 a 3.000 euros:

a) Aqueles que con violencia ou intimidación coaccionen os electores para que non usen o seu dereito, o exerzan contra a súa vontade ou descubran o segredo de voto.

b) Aqueles que impidan ou dificulten inxustificadamente a entrada, saída ou permanencia dos electores, candidatos, apoderados, interventores e notarios nos lugares en que se realicen actos da consulta.

2. O particular que deposite a papeleta dúas ou máis veces na mesma consulta ou que participe dolosamente sen capacidade para facelo será castigado con multa de 150 a 1.000 euros.

#### Artigo 23. *Gradación das sancións.*

Dentro dos límites establecidos nos artigos anteriores, as sancións imponse atendendo á intensidade do dano ou perda causados, á negligencia e intencionalidade do suxeito infractor e ao beneficio económico obtido por aquel.

### CAPÍTULO IV

#### **Consello Agroalimentario do Estado**

#### Artigo 24. *Natureza e adscrición.*

1. Créase o Consello Agroalimentario do Estado como órgano colexiado de carácter consultivo, coa finalidade de asesorar a Administración xeral do Estado nos aspectos relacionados coa política agraria e alimentaria.

2. O Consello estará adscrito ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a través do seu titular, como órgano consultivo e de participación das asociacións e organizacións representativas dos diferentes operadores da cadea alimentaria.

#### Artigo 25. *Funcións.*

Corresponden ao Consello as seguintes funcións:

a) Coñecer e emitir informe sobre os asuntos que o seu presidente someta á súa consideración.

b) Asesorar o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente na definición de obxectivos e políticas para o desenvolvemento e a mellora da competitividade do sector agrario e alimentario, e tomar coñecemento dos obxectivos e políticas do citado ministerio.

c) Ser informado do resultado das actividades desenvolvidas polos diferentes grupos de traballo que, no ámbito do departamento, realizan a súa actividade sobre cuestións relacionadas coa cadea alimentaria.

#### Artigo 26. *Composición e funcionamento.*

A composición e o funcionamento do Consello Agroalimentario do Estado determinaranse regulamentariamente asegurando na súa composición a inclusión das organizacións e asociacións máis representativas dos sectores da produción e as cooperativas, a industria e os traballadores do sector agroalimentario, a distribución e os consumidores. Tamén formarán parte do Consello representantes dos departamentos ministeriais con competencias en aspectos relacionados coa cadea alimentaria.

O funcionamento do Consello non suporá incremento do gasto público e será atendido cos medios materiais e de persoal existentes no Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Disposición adicional primeira. *Gasto público.*

A constitución do Consello Agrario non aumentará o gasto público e atenderase cos medios materiais e humanos existentes no Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. A asistencia ás reunións que, se for o caso, teñan lugar, non xerará dereito a percibir indemnización, axuda de custo ou pagamento de ningunha clase por parte de ningún dos participantes.

Disposición adicional segunda. *Subvencións vinculadas á representatividade.*

A representatividade obtida polas organizacións agrarias na consulta que regula esta lei poderá ser tida en conta por outros departamentos ministeriais co fin de modular as axudas públicas que lles poidan conceder.

Disposición adicional terceira. *Simultaneidade da consulta con outros procesos electorais.*

As comunidades autónomas poderán convocar procesos electorais para determinar a representatividade das organizacións profesionais agrarias no seu ámbito territorial de forma conxunta á consulta regulada na presente lei.

Neste caso poderanse presentar candidaturas cuxo ámbito de actuación estea limitado á comunidade autónoma.

Co obxecto de mellorar a coordinación das consultas simultáneas poderanse establecer mecanismos de colaboración coa comunidade autónoma para a utilización conxunta e ampliación, se for o caso, dos instrumentos necesarios para realizar o procedemento regulado nesta lei.

Disposición adicional cuarta. *Asociacións de mulleres rurais.*

O Goberno, no prazo de seis meses, realizará un estudo para determinar a necesidade e conveniencia de promover unha consulta para establecer a representatividade das organizacións de mulleres rurais.

Disposición adicional quinta. *Data límite de realización da primeira consulta.*

A primeira consulta convocarase no prazo de dezaoito meses desde a entrada en vigor do regulamento de desenvolvemento da presente lei.

Disposición transitoria única. *Comité Asesor Agrario.*

1. O Comité Asesor Agrario creado pola Lei 10/2009, do 20 de outubro, de creación de órganos consultivos do Estado no ámbito agroalimentario e de determinación das bases de representación das organizacións profesionais agrarias, continuará existindo, coa mesma composición e as mesmas funcións, até que se constitúa o Consello Agrario, o que se verificará no prazo máximo de seis meses desde que teña lugar o escrutinio.

2. Até a proclamación dos resultados da primeira consulta que se realice ao abeiro desta lei, manterán a súa condición de organizacións profesionais agrarias máis representativas aquelas que a tivesen recoñecida ao abeiro da Lei 10/2009, do 20 de outubro.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados a Lei 10/2009, do 20 de outubro, de creación de órganos consultivos do Estado no ámbito agroalimentario e de determinación das bases de representación das organizacións profesionais agrarias, e o Real decreto 822/2010, do 25 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 10/2009, do 20 de outubro, de creación de órganos consultivos do Estado no ámbito agroalimentario e de determinación das bases de representación das organizacións profesionais agrarias.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar a cadea alimentaria.*

Inclúese unha disposición adicional quinta na Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar a cadea alimentaria, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional quinta. *Relacións contractuais da Organización Común de Mercados dos Produtos Agrarios.*

O disposto na presente lei enténdese sen prexuízo da regulación específica do sector lácteo contida no Real decreto 1363/2012, do 28 de setembro, polo que se regula o recoñecemento das organizacións de produtores de leite e das organizacións interprofesionais no sector lácteo e se establecen as súas condicións de contratación, ou demais disposicións que o Estado, logo de xustificación da súa necesidade e proporcionalidade e sempre que non obstaculicen o correcto funcionamento do mercado interior, poida ditar ao abeiro dos artigos 148 e 149, ou da sección 5ª do capítulo III do título II da parte II do Regulamento 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a Organización Común de Mercados dos Produtos Agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007, as cales prevalecerán en caso de conflito con esta lei.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

A presente lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.18.ª da Constitución, en materia de bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Autorízanse o Goberno e o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente no ámbito das súas competencias para ditar as disposicións necesarias en desenvolvemento da presente lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 9 de xullo de 2014.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY

## ANEXO

## Cronograma da consulta

Data	Prazo
D	Día de inicio do proceso de consulta que especifique a convocatoria.
D+3	Constitución da Comisión Central.
D+7	Constitución das xuntas provinciais.
D+10	Publicación da relación de mesas.
D+10	Publicación do censo definitivo.
D+10	Final de presentación de candidaturas.
D+14	Reclamacións contra a delimitación de mesas.
D+17	Notificación de non admisión de candidatura.
D+20	Final de reclamacións contra o censo.
D+20	Final de presentación de autorización AEAT.
D+25	Notificación das reclamacións contra o censo.
D+27	Final do prazo de reclamacións contra a inadmisión de candidaturas.
D+28	Recurso contra as resolucións sobre o censo.
D+31	Notificación das resolucións de recursos sobre o censo.
D+34	Resolución de recursos de inadmisión de candidaturas.
D+35	Resolución de reclamacións contra o censo.
D+35	Final do prazo para solicitar o voto por correo.
D+40	Publicación das candidaturas admitidas.
D+47	Final do prazo para remitir a documentación para votar por correo.
D+47	Fin do prazo para designar interventores.
D+56	Último día para a recepción do voto por correo.
D+57	Votación. Día de realización da consulta.
D+60	Escrutinio xeral.
D+63	Reclamacións ao escrutinio.
D+73	Resolución de reclamacións ao escrutinio.